

# Salarios desde o punto de vista do perceptor: Salario bruto anual segundo a actividade económica

Resumo de resultados 21/05/2021

## ÍNDICE

Salario bruto anual segundo a actividade .....	1
Ganancia por hora segundo a actividade .....	3
Salario bruto anual segundo o sexo e a actividade .....	4
Definicións, fontes e máis información .....	4

## Salario bruto anual segundo a actividade


Existen grandes diferenzas salariais segundo a actividade económica. As actividades económicas máis remuneradas son as “*Actividades financeiras e de seguros*”, onde o salario anual acada en 2018 en Galicia os 41.905,22 euros, seguidas a grande distancia da “*Enerxía*” e da “*Información e comunicacións*”. Por outro lado, as actividades con menor remuneración son as “*Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; Outros servizos*” e o “*Transporte e almacenamento; Hostalaría*”, nas que o salario bruto anual non acada os 15.000 euros.

Os salarios brutos anuais en Galicia son inferiores aos de España en todas as agrupacións de actividade. Non obstante, as tres agrupacións nas que existen máis similitudes nos salarios son “*Administración pública e defensa, seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais*”, “*Actividades inmobiliarias; Actividades profesionais, científicas e técnicas; Actividades administrativas e servizos auxiliares*” e “*Construción*”, nas que a porcentaxe do salario bruto anual de Galicia sobre o de España alcanza os valores do 97,68 %, 96,94 % e 94,47 % respectivamente.

**Salario bruto anual segundo as ramas agregadas de actividade. Galicia e España.  
 Ano 2018**

Unidade: Euros

Actividade	España	Galicia
Total	24.009,12	22.244,59
B,D,E Enerxía	32.403,76	27.022,50
C Industria manufactureira	27.640,15	24.931,23
F Construción	22.971,69	21.700,66
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.006,64	19.089,76
H_I Transporte e almacenamento; Hostalaría	18.048,58	14.723,99
J Información e comunicacións	33.118,04	27.891,37
K Actividades financeiras e de seguros	45.043,40	41.905,22
L_N Actividades inmobiliarias; Actividades profesionais, científicas e técnicas; Actividades administrativas e servizos auxiliares	21.414,44	20.760,13
O_Q Administración pública e defensa, seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais	26.837,45	26.215,57
R_S Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; Outros servizos	17.304,79	14.760,97




## Ganancia por hora segundo a actividade

A análise dos salarios en termos da ganancia por hora permite observar como as maiores diferenzas entre Galicia e España están en “*Enerxía*”. As menores diferenzas están nas “*Actividades inmobiliarias; Actividades profesionais, científicas e técnicas; Actividades administrativas e servizos auxiliares*”.

### Ganancia por hora segundo as ramas agregadas de actividade. Galicia e España. Ano 2018

Unidade: Euros

Actividade	España	Galicia
Total	11,95	10,97
B,D,E Enerxía	14,89	11,87
C Industria manufactureira	12,49	11,52
F Construción	10,51	9,70
G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	10,23	8,95
H_I Transporte e almacenamento; Hostalaría	9,90	8,42
J Información e comunicacións	15,02	12,87
K Actividades financeiras e de seguros	19,68	18,88
L_N Actividades inmobiliarias; Actividades profesionais, científicas e técnicas; Actividades administrativas e servizos auxiliares	10,92	10,66
O_Q Administración pública e defensa, seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais	14,00	13,24
R_S Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; Outros servizos	9,86	8,52




## Salario bruto anual segundo o sexo e a actividade

As diferenzas salariais entre homes e mulleres aumentan ao excluír da análise a administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria. Neste caso os homes alcanzan un salario bruto anual de 24.666,20 euros, un 30,50 % maior que o das mulleres; mentres que, se non se exclúen estas actividades, os homes gañan un 27,04 % máis que as mulleres.

### Salario bruto anual segundo o sexo e a actividade. Galicia . Ano 2018

Unidade: Euros

Agrupación de actividades económicas	Total	Homes	Mulleres
Total	22.244,59	24.826,91	19.543,17
Industria, construción e servizos (excepto administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria)	21.897,91	24.666,20	18.901,62



## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

- Definicións

### Descarga de datos

- Salario bruto anual por sexo e actividade económica (agrupación de seccións). Galicia e España
- Salario bruto anual por sexo e agrupación de actividade económica. Galicia e España
- Ganancia por hora segundo sexo e agrupación de actividade económica. Galicia e España

### Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE